



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2025/G003/002161

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Aprobación bases reguladoras específicas e convocatoria para o ano 2025). Subvención municipal para gastos de transporte escolar para o ano 2025 - (LS. 5.1 PES 2024-2026).

Concellería de Deporte, Educación e Xuventude

ANTECEDENTES

A Concellería de Educación pretende convocar a concesión de axudas para gastos de transporte escolar de alumnado do Concello de Sada cursando estudos de Bacharelato, ciclos formativos, ensinanzas universitarias ou outras ensinanzas oficiais de carácter non obrigatorio.

O Plan Estratéxico de Subvencións municipal para o período 2024-2026 contempla unha liña de subvención 5.1 - Subvención para gastos de transporte escolar-.

A convocatoria 2025 desta subvención terá por obxecto facilitar a continuidade educativa e a formación continua, e paliar os gastos que as familias deben realizar durante o proceso educativo, con criterios de solidariedade e propiciando a integración de todo o alumnado.

A convocatoria regularase polas bases específicas que se aprobarán conxuntamente, co texto que se reproduce no Anexo I.

A Concellería de Educación tramitou expediente de aprobación da convocatoria e das bases específicas.

O expediente de tramitación conta con informes xurídicos desfavorables nos que se indican incumprimentos que se trataron de emendar coa corrección do texto regulador.

O expediente foi fiscalizado de conformidade.

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar a subvención municipal para gastos de transporte escolar para o ano 2025, co obxecto de facilitar a continuidade educativa do alumnado empadroadado en Sada e contribuír a facela sostible. A convocatoria presenta as seguintes características:

Segundo.- Destinar o importe máximo de 9.000,00 euros para financiar esta convocatoria, imputables á aplicación orzamentaria 326.48011 con cargo ao Orzamento 2025. A concesión de axudas realizarase polo réxime de concorrência competitiva.

Terceiro.- As solicitudes axustaranse aos modelos que se inclúen nas bases reguladoras específicas e deberán acompañarse da documentación descrita na base reguladora 7. Presentaranse no Rexistro Municipal, polos

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

medios establecidos regulamentariamente, no prazo de 15 días naturais que contarán a partir do día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Os requisitos para poder ser beneficiaria recóllense na base reguladora 3.

Cuarto.- Os criterios de baremación serán os que se recollen na base reguladora 5.

Quinto.- A documentación xustificativa deberá presentarse no prazo establecido, entre o 1 e o 30 de abril de 2026.

Sexto.- Designar para a instrución do procedemento ao Animador Sociocultural da área de Cultura, Educación, Xuventude e Deporte. A comisión de valoración terá a composición sinalada nas base reguladora número 8, designando ao Coordinador de Actividades Xuvenís para actuar como secretario con voz pero sen voto. O órgano competente para resolver será a alcaldía.

Septimo.- Os actos administrativos serán obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web municipal (www.sada.gal), producindo os efectos de notificación, de conformidade co artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Oitavo.- Publicar a convocatoria e as bases reguladoras na Base de Datos Nacional de Subvencións, segundo indican os artigos 18, 20 e 23 da Lei 38/2003, de 17 de outubro, xeral de subvencións. Ademais, a publicidade adaptarase ao nivel local a través da publicación das bases específicas e do extracto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web municipal.

Noveno.- Aprobar as bases reguladoras específicas, co texto que se reproduce no Anexo I.

SUBVENCÍONS PARA DESPRAZAMENTOS CO FIN ESCOLAR DIRIXIDAS AOS ESTUDANTES EMPADROADOS/AS NO CONCELLO DE SADA

Índice

1. Obxecto, finalidade, financiamento e contía
2. Rexime xurídico
3. Solicitantes e requisitos
4. Criterios de baremación
5. Contía das axudas
6. Prazo, forma e presentación das solicitudes
7. Documentación a presentar
8. Comisión de valoración
9. Xustificación e pagamento

1. Obxecto, finalidade, financiamento e contía

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Concesión de axudas ao transporte escolar, en réxime de concorrência competitiva, dirixidas ao alumnado empadroado no Concello de Sada que curse estudos de Bacharelato, Ciclos Formativos de F.P., ensinanzas universitarias ou outras ensinanzas oficiais de carácter non obrigatorio, co fin de contribuír a paliar os gastos derivados do seu desprazamento a centros educativos situados fóra do termo municipal.

Ten como finalidade favorecer o acceso, a continuidade e a igualdade de oportunidades no sistema educativo do alumnado sadense que debe desprazarse a outras localidades para realizar estudos non obrigatorios. Estas axudas pretenden reducir a carga económica que supoñen para as familias os custos de transporte, contribuíndo á equidade e apoiando o proceso formativo da xuventude do concello.

O financiamento das axudas realizarase con cargo á aplicación orzamentaria 326 48011 do orzamento xeral sendo a contía destinada 9.000 euros, que se distribuirán entre as persoas solicitantes que reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases, en función da valoración obtida no proceso de baremación.

2. Réxime xurídico

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Lei 5/1997, do 22 de xullo de administración local de Galicia.

Real D.L. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das finanzas locais.

Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento.

Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento.

Bases de execución do orzamento para o ano 2025.

Plan estratéxico de subvencións 2024-2026

3. Solicitantes e requisitos

1. Poderán ser beneficiarios destas axudas o alumnado que cumpra cos seguintes requisitos:

- Estar empadroado no Concello de Sada durante a totalidade do curso escolar
- Estar empadroado a máis de 3 km. de distancia do centro de estudos.
- Estar matriculado nun centro de ensino público na modalidade de estudos presenciais:

- Ciclos Formativos de F.P.
- Bacharelato
- Estudos universitarios
- Ensinanzas artísticas superiores

d) Non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter a condición de beneficiario sinaladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Non poderá acollerse o alumnado que se atope nos seguintes supostos:

- Cursar estudos de educación infantil, primaria ou secundaria (ESO).
- Estar matriculados en centros privados ou públicos concertados.
- Cursar estudos con duración inferior a 6 meses .



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

4. Criterios de baremacion

A adxudicación realizarase atendendo a unha orde de prelación derivada da aplicación dos criterios de valoración establecidos.

4.1

CRITERIO	TRAMO	PUNTOS
Renda per cápita da unidade familiar	Ata 7.000 €	6
	7.001 € - 8.000 €	4
	8.001 € - 9.000 €	2
	> 9.000 €	0

A renda per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración 2024.

Apartado 435 + apartado 460 - apartado 595

O resultado obtido dividirase polo numero de membros da unidade familiar.

Consideranse membros da unidade familiar os que conviven habitualmente no mesmo domicilio: cónxuxes, fillos (especialmente os menores de idade ou con discapacidade), ascendentes (pais, avós), e en ocasións, outros parentes ou persoas dependentes economicamente dos membros principais da familia.

A non presentación dos datos económicos implica a non obtención de puntuación neste apartado.

4.2		
CRITERIO	TRAMO	PUNTOS
Distancia residencia centro educativo	>100 km	6
	40 - 100 Km	4
	>40 km	2

4.3		
CRITERIO	TRAMO	PUNTOS
Idade dos solicitantes	15 a 25 anos	3
	26 a 35 anos	2
	>35 anos	0

4.4		
CRITERIO		PUNTOS
Situación sociofamiliar de especial consideración		
- As familias numerosas.		
- As familias monoparentais.		
- As familias con persoas maiores a cargo.		
- As familias con persoas con discapacidade a cargo.		
- As familias con persons dependentes a cargo.		
- As familias acolledoras.		
- As familias en situación de especial vulnerabilidade económica.		
- As familias vítimas de violencia de xénero.		

1



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

5. Contía das axudas

AXUDAS PARA O TRANSPORTE

Puntuación	Importe (€)
Máis de 11 puntos	240,00
De 8 a 10 puntos	210,00
De 6 a 7 puntos	160,00
Menos de 5 puntos	130,00

6. Prazo, forma e presentación das solicitudes

As solicitudes, formularanse no anexo (I) da convocatoria e presentaranse preferiblemente por medios electrónicos a través do formulario de solicitude normalizado da sede electrónica municipal:

https://sede.sada.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/SolicitudGeneral_N

O prazo de presentación de solicitudes comezará ao día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia e terá unha duración máxima de 15 días naturais.

Se a solicitude non reunise os requisitos establecidos requirirase a súa emenda nun prazo de 10 días hábiles. Se non se presenta resposta correcta dentro do prazo, entenderase que a persoa interesada desiste da solicitude

7. Documentación a presentar

- Solicitude en modelo normalizado (Anexo I).
- Declaración responsable de ter solicitado/ percibido outras axudas polo mesmo concepto doutros organismos e/ ou administracións públicas e, no caso de percibilas, contía das mesmas (ANEXO II).
- Fotocopia do D.N.I.
- Fotocopia do certificado de conta bancaria que deberá ser do estudante. No caso de que non dispoña poderá poñerse a do pai, nai ou representante legal, entendendo que o estudante autoriza ao concello a realizar o ingreso nesa conta.
- Certificado ou acreditación de estar matriculado/a no actual curso académico. Preferiblemente este documento será expedido polo centro de ensino. No caso contrario admitirase fotocopia do resguardo da matrícula e do pago das taxas correspondentes.
- Certificado que acredite situación sociofamiliar (de ser o caso)
- Declaración de renda da unidade familiar do pasado exercicio ou, no seu defecto, certificado expedido pola Axencia Estatal da Administración Tributaria en relación á non obriga de presentación da mesma de cada un dos membros da unidade familiar. Neste último caso, ademais do certificado negativo, deberá presentarse un certificado de empresa sobre os ingresos brutos anuais da unidade familiar, así como xustificante da pensión, no seu caso.

8. Comisión de valoración

A Comisión de valoración comprobará a documentación presentada polos solicitantes e puntuará as solicitudes que seran recollidas nun acta e posterior proposta de resolución de alcaldía.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Esta proposta será notificada aos solicitantes abríndose un prazo de 10 días hábiles para emendar a documentación requirida. Transcorrido este prazo, a proposta será elevada a definitiva, fiscalizada pola Intervención municipal e de seguido procederase á súa aprobación por Decreto de Alcaldía. A comisión avaliadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: Técnico/a en animación sociocultural.

Vogais: Animador/a sociocultural e Técnico/a de xestión

Na comisión actuará como secretario/a, o funcionario/a en que designe a Alcaldía na correspondente convocatoria.

9. Xustificación e pagamento

As axudas abonaranse no momento da súa concesión mediante resolución de alcaldía. Con todo, a persoa beneficiaria deberá presentar entre os días 1 e 30 de abril de 2026, certificación ou documentación emitida polo centro de estudos que acredite que o/a alumno/a consta dado de alta nese período de tempo.

En caso de non presentarse esta certificación, a persoa beneficiaria estará obrigada ao reintegro total da axuda percibida, conforme ao disposto nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións.

Concellería de Deportes, Educación e Xuventude.
Concello de Sada

ANEXO I



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Modelo de solicitude de axudas

AXUDAS ECONÓMICAS AOS DESPRAZAMENTOS CO FIN ESCOLAR CURSO 2025-2026

(REPRESENTANTE LEGAL (PAI / NAI / TITOR)	
D/Dª:	
DNI:	
ENDEREZO:	
TLF:	
ALUMNO/A:	
CURSO:	Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR:
CENTRO ESCOLAR:	DISTANCIA Km:
DOCUMENTACIÓN QUE SE ACOMPAÑA:	
☐ FOTOCOPIA DO DNI DO ALUMNO/S E DO CABEZA DE FAMILIA OU TITOR	
☐ DECLARACION DA RENDA DA UNIDADE FAMILIAR	
☐ CERTIFICADO OU ACREDITACION DE ESTAR MATRICULADO NO CURSO ACADÉMICO EXPEDIDO POLO CENTRO DE ESTUDIOS CORRESPONDENTE; OU FOTOCOPIA DO RESGARDO DA MATRICULA DO CURSO ESCOLAR	
☐ DECLARACION XURADA DE NON PERCIBIR AXUDAS POLO MESMO CONCEPTO DOUTROS ORGANISMOS/ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS (ANEXO II)	
☐ CERTIFICADO DE CONTA BANCARIA PARA O INGRESO DA AXUDA, NO SEU CASO	
☐ CERTIFICADO QUE ACREDITE SITUACIÓN SOCIOFAMILIAR (de ser o caso)	
POR TODO ISTO SOLICITO:	
QUE SE TEÑA POR PRESENTADA ESTA INSTANCIA E OS DOCUMENTOS QUE SE ACOMPAÑAN PARA A CONVOCATORIA DE AXUDAS Á QUE SE REFIRE ESTA PETICIÓN.	
Sada, O/a interesado/a – O/a representante legal Asdo.-	

SR ALCALDE-PRESIDENTE DO ILMO. CONCELLO DE SADA (A CORUÑA)

AVDA. DA MARIÑA 25, 15160 SADA



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ANEXO II

Declaración de Axudas

AXUDAS ECONÓMICAS AOS DESPRAZAMENTOS CO FIN ESCOLAR CURSO 2025-2026

D/D^a _____

Titular do DNI _____ como interesado/a

(Representante legal)

D/D^a _____

Titular do DNI _____ como representante legal do menor/estudante).

D/D^a _____

Que en relación coa convocatoria de axudas aos desprazamentos co fin escolar do Concello de Sada para o curso escolar 2025/2026 para a que se solicita axuda económica.

DECLARA

- ☐ Que non solicitou nin obtivo subvención algunha de Organismo Público ou privado
- ☐ Que solicitou e obtivo subvención das seguintes entidades polas contías que se indican

ORGANISMO/ENTIDADE	CONTÍA SOLICITADA	AXUDA CONCEDIDA

Sada, a _____ de _____ de 2025

Asdo.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.

Documento electrónico asinado dixitalmente do que se garante a súa integridade mediante o seu cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).